



herdeiros

2024/2025

CARNÉ
CELTISTA



//ABANCA



Un sentimento, un carné

Únete á familia
Celtista desde 30€!



O Carné Celtista nace como resposta á necesidade de moitos celtistas que non teñen abono, sexa cal fora o motivo, pero que se queren sentir parte do noso equipo. Desta maneira, o club abre a posibilidade dun RC Celta máis conectado con todos os seus afeccionados, **un RC Celta para todos.**

Con el formarás parte dunha familia celtista que non ten fronteiras.

O Carné Celtista está especialmente pensado para aqueles celtistas que non teñen un abono para os partidos en Abanca Balaídos. Tanto celtistas que viven lonxe de Vigo e Galicia, mesmo no estranxeiro, e que por tanto non poden gozar de acudir ao estadio frecuentemente, como aqueles que, polas súas circunstancias familiares, persoais ou por traballo, non poden asistir de maneira habitual aos partidos.












Nesta nova situación, todas as persoas que adquiran o seu Carné Celtista terán **as mesmas vantaxes que os celtistas que si teñen abono para o estadio, a excepción da butaca en Abanca Balaídos.** Ademais, será o primeiro paso para conseguir un número de socio que acredite a antigüidade do mesmo.

Todos os que adquiran o Carné Celtista pagarán a súa cota unha vez por tempada futbolística. Como beneficio adicional, **os Carnés Celtistas dispoñerán dun bono regalo de 10€ exclusivo**, que se poderá utilizar ben para entradas ou ben para produtos oficiais*.

* Poderase elixir entre un bono de desconto para trocar en entradas en liña a través da nosa páxina web ou en produtos oficiais na tenda online a partir do 1 de agosto. Non é acumulable dunha tempada a outra. O uso deste bono é exclusivo para a tempada vixente, no caso de non utilización do mesmo o importe do bono perderase.

Vantaxes que ofrece o Carné Celtista



	Número de socio e antigüidade	✓
	Bono Regalo Benvida de 10€ en entradas ou produtos oficiais*	✓
	Desconto do 10% en tendas oficiais do RC Celta**	✓
	Desconto en Museo e Tour Abanca Balaídos	✓
	Acceso á compra de entradas para partidos de visitante***	✓
	Descontos en Escolas Fundación, Campus e Clínicas	✓
	Prioridade e/ou desconto na compra de entradas***	✓
	Prioridade na lista de agarda para conseguir un abono a partir da tempada 25/26	✓
	Acceso aos partidos do Celta Fortuna****	✓
	Acceso aos partidos de As Celtas****	✓
	Acceso aos partidos do Celta Zorka Recalvi****	✓
	Vantaxes de patrocinadores	✓
	Butaca asignada para os partidos do primeiro equipo en Abanca Balaídos	✗

*Non é acumulable dunha tempada a outra. O uso deste bono é exclusivo para a tempada vixente, en caso de non utilización do mesmo o importe do bono perderase. Non acumulable a outras promocións. Poderá empregarse a partir do 1 de agosto.

**Agás para produtos en promoción e non acumulable con outros descontos.

***Para partidos en LaLiga.

**** Ata completar capacidade destinada a Carné Celtista.

Canto custa o Carné Celtista?



O custo do Carné Celtista varía en función do tipo de carné:

TIPOS DE CARNÉ

CARNÉ CELTISTA

30 €

Con este carné tes todas as vantaxes e pasarás a formar parte da familia celtista esteas onde esteas.

CARNÉ CELTISTA AS CELTAS

50 €

Con este carné tes todas as vantaxes do Carné Celtista e estarás apoiando ao novo equipo feminino do club.

Inclúe unha bufanda de As Celtas

CARNÉ CELTISTA COLABORADOR

80 €

Ademais dos beneficios de ter o Carné Celtista, colaborarás coa Fundación Celta de Vigo, fomentando o crecemento e desenvolvemento do deporte en A Canteira e na sociedade, así como na divulgación dos valores do deporte e tamén na prestación de servizo aos hospitais, á infancia e a todos os focos de desprotección intentando devolver todo aquilo que a sociedade aporta.

Como podo facerme o Carné Celtista?



A tramitación do teu Carné Celtista será online desde o teu móbil, tableta ou PC. Podes tramitar a túa alta a través do **PORTAL DO CELTISTA**.

celtistas.rccelta.es

Ademais, ofrecémosche a posibilidade de realizar esta tramitación de maneira presencial nos despachos de billetes de Abanca Balaídos, no caso de que teñas algunha circunstancia que faga que non poidas realizar as xestións online.

Se teño algunha dúbida máis, a onde podo dirixirme?

Para calqueira dúbida ou consulta podes poñerche en contacto a través das seguintes canles:

PRESENCIAL: Oficina de Atención ao Celtista en Abanca Balaídos de luns a venres en horario de 10:00h a 14:00h e de 16:00h a 19:00h.

EMAIL: escribindo a celtistas@rccelta.es

TELÉFONO: chamando ao 986 213 230 ou 986 213 234 en horario de 10:00h a 14:00h e de 16:00h a 19:00h de luns a venres.

Como podo pagar o meu Carné Celtista?



O primeiro pago, no momento da alta coa tarxeta de crédito/débito. No caso do Carné Celtista Colaborador, o pago deberá facerse desde o momento da alta a través de domiciliación bancaria.

Para renovar o teu carné cada tempada e seguir gozando das túas vantaxes, poderás domiciliar o pago na túa conta bancaria.

Como recibirei o meu carné?



Todas aquelas persoas que tramiten o seu Carné Celtista, terán o seu **carné dixital a través do Portal do Celtista.**

Poderán decidir se recibir o carné **de xeito físico nos seus domicilios ou seleccionar que non e con esta acción contribuír ao compromiso do RC Celta coa sustentabilidade e o medio ambiente.**

A renovación/alta do Carné Celtista supón a aceptación da normativa do RC Celta. Será válido a tempada futbolística que comprende do 1 de xullo ao 30 de xuño do ano seguinte.

**Aínda tes dúbidas
de unirte á familia
Celtista?
Resolvémoschas!**



Se esta tempada non podo asistir a Abanca Balaídos e polo tanto non renovarei o meu abono, podo facerme o Carné Celtista?

Si. O celtista con abono que decida cambiarse a Carné Celtista manterá a súa antigüidade como socio e as súas vantaxes serán exactamente as mesmas, a excepción da butaca no estadio para asistir aos partidos do primeiro equipo en Abanca Balaídos. Non se gardará o asento unha vez cambiado o Carné Celtista Abonado polo Carné Celtista.

Podo regalar o Carné Celtista?

Actualmente no caso de querer tramitar o Carné Celtista como un agasallo para outra persoa, deberase cubrir a tramitación cos datos da persoa que será a titular do carné.

Dispoñen das mesmas vantaxes os propietarios do Carné Celtista que os abonados?

Si, con excepción da butaca en Abanca Balaídos e de que as persoas con Carné Celtista dispoñen dun Bono Regalo de benvida de 10€.

É preciso facerse o Carné Celtista para conseguir un abono?

Non, pero todos aqueles que posúan o Carné Celtista e queiran facerse celtistas con abono terán preferencia na lista de agarda das seguintes tempadas para conseguir o mesmo.



DÚBIDAS FRECUENTES

Se non quero/podo renovar o meu abono a seguinte tempada, perderei a miña antigüidade como abonado do RC Celta?

Se te fas Carné Celtista a antigüidade que tes como abonado do RC Celta manterase a pesar de non ter abono no estadio.

Se teño o Carné Celtista, como podo solicitar un abono en Abanca Balaídos para a próxima tempada?

Polo limitado aforo actual e tendo en conta a obra da bancada de Gol e a recolocación dos abonados da mesma, na tempada 24/25 terán prioridade as persoas que estaban anotadas na lista de agarda da derradeira campaña de abonados.

Unha vez rematada a campaña de altas desta tempada, habilitarase una lista de agarda para solicitar un abono e conforme haxa cupo para novas altas, terás prioridade para obter o teu abono en función da túa antigüidade como Celtista.

Podo cambiarme dun tipo de Carné Celtista ao longo da tempada?

Unha vez comezada a tempada non se poderán facer cambios na tipoloxía do carné.

Se á hora de renovar quero cambiar o meu tipo de carné, como teño que facer?

Unha vez finalizada a tempada podes solicitar o cambio a través da Oficina de Atención ao Celtista. Unha vez realizado o cambio poderás xestionar a túa renovación no Portal do Celtista.



DÚBIDAS FRECUENTES

Que é o Bono Regalo de benvida e como podo utilizalo?

O Bono Regalo de benvida é un desconto que se lles entregará a todas as persoas que tramiten o seu Carné Celtista e que poderase trocar pola compra de entradas para partidos en Abanca Balaídos do primeiro equipo. Por outro lado, poderá usarse na tenda online (shop.rccelta.es) para a compra de produtos oficiais.

Se realizas un proceso de compra online (entradas ou shop.rccelta.es), selecciona os produtos do teu pedido e antes de facer o pago, no resumo de compra, poderás aplicar as promocións que teñas activas. Ao seleccionar o teu Bono Regalo, o importe deducirase automaticamente do da túa compra antes de facer o pago.

Para obter o teu Bono Regalo de benvida, poderás descárgalo do Portal do Celtista.

Cando podo usar o Bono Regalo de benvida?

O Bono Regalo de benvida da tempada 24/25 pódese utilizar desde o 1 de agosto e ata o 31 de maio. Este Bono é dun só uso e non se poderá dividir en varias opcións nin solicitar o seu reembolso en metálico, tampouco poderanse acumular varios Bono Regalo nunha mesma operación.

O uso deste Bono é exclusivo para a tempada futbolística vixente, no caso de non utilización do mesmo, o seu importe perderase.



DÚBIDAS FRECUENTES

En que partidos poderei trocar o Bono Regalo de benvida na compra de entradas?

En calquera dos partidos de LaLiga do primeiro equipo do RC Celta que dispute como local no estadio Abanca Balaídos durante a tempada.

Ademais, poderás elixir a zona do estadio na que gozar do partido, puidendo seleccionar unha butaca entre todas as que estean liberadas en cada momento no estadio.

Onde podo modificar os meus datos pessoais ou bancarios relativos ao meu Carné Celtista?

Se queres cambiar e/ou actualizar os teus datos podes facelo a través do PORTAL DO CELTISTA.

CARNÉ
C E L T I S T A



ATENCIÓN AO CELTISTA



Oficina de Atención ao Celtista de Abanca Balaídos

De luns a venres de 10h a 14h e 16h a 19h

Teléfono:

986 213 230

986 213 234

Email: celtistas@rccelta.es



//ABANCA

